

O día 19 de xuño terá lugar unha saída dos alumnos do CEIP da Castellana ó Museo das Mariñas, ó Parque do Pasatempo e ó " Pazo de Mariñán", parando a xantar na praia do Pedrido.

Cos nenos de Preescolar na Casa farase unha visita á Escola de Beelle en Neda.

VI CONCURSO COIDANDO A NATUREZA.

Categoría Fotografía e Debuxo

"Fai ti o sinal de identidade do mes da natureza"

Presentación de traballos fotográficos ou debuxos para que estes sexan o cartel do mes da natureza 2010.

Estes traballos terán que amosar a imaxe que cada un ten sobre o que debe ser este mes.

Categoría Audiovisual " Amósanos onde vives"

Colle a túa cámara de vídeo ou o móbil, escolle unha forma orixinal de contalo e intenta condensalo en menos de 5 minutos. Podes facelo só/soa ou coa axuda dos teus veciños e veciñas.

Tódolos traballos presentados quedarán en propiedade do Concello de Aranga que poderá utilízalos e reproducilos citando o autor.

Prazo de entrega: na Casa do Concello ou no CEIP A Castellana antes do 5 de xuño.

FESTA DA ÁRBORE:

O **sábado 20 de xuño** co seguinte programa a partir das 11:00 h

- Misa de Campaña na beira do río.
- Solta de crías no río Mandeo e plantación de árbores.
- Actuación do Grupo "Patuleiriñas".
- Comezo da exposición de traballos do concurso "Coidando a Natureza"
- Actuación do grupo de Teatro Municipal " Caramuxo Teatro".

Xantar de balde para todos os nenos/as do CEIP A Castellana e dous acompañantes por familia.

Xa pola tarde, a partir das 15:00 h:

- Actividades de rappel e tirolina.
- Exhibición das escolas de baile moderno, latino e patinaxe.
- Entrega de premios do concurso.
- Pinchos ó remate para todos os participantes.